



## **DISTRIBUCIÓN DE MÁSCARAS ENTRE O ALUMNADO DA ESO**

Publicada a [orde do 28 de outubro de 2021](#) pola que se regulan os criterios e os procedementos de distribución de máscaras entre o alumnado matriculado en educación secundaria obrigatoria (ESO) en centros docentes públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Segundo dita orde:

- a) **NON** ten que presentar a solicitude o alumnado que fose beneficiario da axuda de material escolar neste curso 2021/2022 ao considerarse xa admitido.
- b) Ten que presentar a solicitude aquel alumnado que **NON recibise a axuda por material escolar** e cumpra algunha das seguintes condicións:
- a) Que pertenza a unha familia cunha renda per cápita igual ou inferior a 6000 €
  - b) Alumnado matriculado en educación especial
  - c) Alumnado suxeito á tutela ou garda da Xunta de Galicia
  - b) Alumnado cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65%

**Presentación das solicitudes:** De forma presencial no centro educativo entregando o modelo de solicitude que se adxunta (así como a documentación complementaria necesaria).

[Modelo de solicitude \(Anexo I\)](#)

[Comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar \(Anexo II\)](#)

**Prazo de presentación:** Entre os días **15 e 26 de novembro de 2021** (ambos inclusive)

**Publicación de listaxes:** Segundo a convocatoria só se poden publicar as listaxes no taboleiro interior do centro.

4.1 As listaxes coas persoas que xa non teñen que facer solicitude por ser xa beneficiarias de vale de material escolar será publicada o martes 16 de novembro.

4.2 As listaxes coas solicitudes admitidas e excluídas das que se deben presentar agora, publicaranse o martes 30 de novembro.

4.3 As solicitudes excluídas teñen 2 días hábiles para reclamar (ata o xoves 2 de decembro)

**NOTA:** O reparto de máscaras farase directamente desde o centro educativo.

O Carballiño, a 14 de novembro de 2021.

A Dirección.